

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Riós para a mellora do saneamento en Florderrei. Concello de Riós (Ourense)

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras. E, no ámbito do abastecemento, a adopción de medidas que garantan o abastecemento aos municipios (artigo 31.1) e a supervisión das redes básicas de abastecemento en alta (artigo 31). En calquera caso, as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia exerceranse sempre de conformidade co principio de garantía e eficacia do servizo público de abastecemento (artigo 3.1 f)).

O concello de Riós ten atribuídas competencias en materia de saneamento, en base á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o saneamento e depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da Comunidade Autónoma.

2 Para o desenvolvemento das competencias sinaladas, o Concello de Riós pretende realizar a actuación “Mellora do saneamento en Florderrei. Concello de Riós (Ourense)”.

Preténdese con esta actuación dotar do servizo de saneamento e depuración ao núcleo de Florderrei no Concello de Riós.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Riós o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31.12.2018, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 01.01.2018. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.



4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello que permitan acometer polo Concello e incorporar ao patrimonio público municipal as obras de “Mellora do saneamento en Florderrei. Concello de Riós (Ourense)”, a súa posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O custo total das actuacións contempladas no convenio de referencia ascende a cento dezaioito mil euros (118.000,00 €) que serán financiadas do seguinte xeito:

- Augas de Galicia, achegará cincuenta mil euros (50.000,00 €) con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital. A corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2018.
- O Concello de Riós, achegará sesenta e oito mil euros (68.000,00 €) con cargo a súa partida orzamentaria 454.609, na anualidade 2018.

As baixas no orzamento que se poidan producir como consecuencia da adxudicación dos contratos de obras repercutirase ao Concello de Riós. Do mesmo modo, os incrementos derivados de posibles modificacións dos contratos, así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas polo Concello de Riós.

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento e depuración de augas residuais terá por finalidade contribuír á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.

Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común,



desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

(documento asinado dixitalmente)

